

# **PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA**

**(EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA)  
(CURSO 2023/2024)**

IES P. EUSEBIO DA GUARDA  
A Coruña



## ÍNDICE

	páxs.
1. Lexislación vixente.....	1
2. Obxectivos xerais .....	2
3. Localización e contexto sociolingüístico .....	4
4. Descrición das actividades .....	6
5. Canles de comunicación empregadas. ....	14
6. Membros do EDLG .....	15

## LEXISLACIÓN VIXENTE

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega son órganos nomeados e supervisados pola dirección do centro, formados polo seu coordinador/a, por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente, que terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos.

1. **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** (DOG, 25 de maio de 2010), substitúe o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, recollido no DOG, 29 de xuño de 2007.
2. **Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo. DOG 09-08-96).**

## 1. OBXECTIVOS XERAIS

- Reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta de actividades que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.
- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro. Traballar cara á consecución dunha boa competencia na lingua propia de Galicia.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade. Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Invitar ao centro ilustradores de banda deseñada, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar co Concello da Coruña, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Promocionar as festas tradicionais galegas, como un ben que cómpre conservar.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...
- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, ....

### **Atendendo á contorna sociolingüística**

- Establecer accións de dinamización que fomenten a autoestima cara a lingua galega dos pais e nais, co fin de evitar a negación da propia lingua na transmisión de pais a fillos.
- Valorar o galego como lingua vehicular nas relacións persoais.

### **Atendendo á situación do profesorado**

- Responsabilizar o profesorado no proceso de dignificación da lingua, como modelo lingüístico diario de referencia do alumnado.

- Fomentar a práctica do ensino/aprendizaxe en galego, como medida contra o auto-odio e complexo de inferioridade que aínda se está a detectar polas xeracións máis novas.
- Propoñer actividades que melloren as actitudes lingüísticas da comunidade escolar que potencien o uso do galego en contextos diversos: conferencias, relatorios, presentacións, ...
- Darlle pulo á actividade editorial, a través de folletos, pasquíns, proxectos de traballo, ...
- Empregar tamén a lingua galega nas interaccións orais e escritas co alumnado en contextos informais, fóra das actividades docentes.

### **Atendendo á situación do alumnado**

- Galeguizar de xeito progresivo aqueles rapaces e rapazas que realizan un uso menor do galego, ás veces só limitado ás materias de emprego obrigatorio.
- Recuperar o uso da lingua propia de Galicia naqueles rapaces e rapazas que o deixaron por diferentes motivos.
- Manter e consolidar unha competencia lingüística plena naquel alumnado que teña a lingua galega como código habitual.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado proveniente de fóra.

## 2. LOCALIZACIÓN E CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.

O Instituto P. Eusebio da Guarda sitúase na céntrica Praza de Pontevedra, no concello da Coruña. Nel impártense as seguintes ensinanzas: ESO, Bacharelato (diúrno e vespertino), ESA e dous ciclos Ciclos formativos de Grado Superior (Axencias de Viaxes e Guías), en horario vespertino. Tamén se realizan diversas actividades complementarias e extraescolares.

Respecto da lingua empregada, pódese concluír que a gran maioría do noso alumnado fai uso do castelán, malia que teñen unha competencia pasiva das destrezas básicas na lingua galega. Trátase dun centro de referencia e o alumnado matriculado é moi numeroso: 488 (ESO) e 322 (BACH), ambos en diúrno; e 61 (BACH Adultos), 31 (ESA), 52 (Ciclo de Axencias de viaxes) e 59 (Ciclo de Guías), todos estes, en horario vespertino. Á parte disto, convén salientar a alta presenza de alumnado doutras comunidades autónomas, así como de procedencia estranxeira. A cifra que pode medrar ao írense incorporando máis ao longo do ano.

A realidade sociolingüística do centro vén dada por catro variables: o seu contexto sociolingüístico (físico e social), os usos do profesorado e do alumnado e mais a cultura lingüística do centro.

Respecto do profesorado, é o principal axente escolar para levar a cabo a planificación lingüística. É un claustro moi numeroso, e diminuíu algo o número respecto aos tres anos anteriores, debido aos reforzos pola situación de excepcionalidade e emerxencia causada pola COVID. A idade media dos mesmos rebaixouse respecto a anos anteriores coa chegada de novos profesores interinos e substitutos recentemente incorporados ao ensino, en varios casos, ou con limitada experiencia como docentes, aínda que cunha formación moi actualizada e cunha actitude de traballo e colaboración, mesmo de incorporación ao centro, moi notable. Continúa sendo, na súa maioría, de orixe galega, aínda que a orixe dos docentes, igual que no caso do resto dos colectivos non asegura unha mellor disposición cara ao uso da lingua galega, malia que seguramente ese persoal teña un maior coñecemento pasivo da lingua e da cultura galegas. Non se recollen datos de hostilidade cara á lingua galega.

No que se refire ao alumnado con exención da materia de Lingua galega e literatura, aplícase a Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega. Tal e como dispón a dita orde, *“o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos”*.

Porén, o dito alumnado terá que asistir ás clases como medio de integración lingüística e contará coa axuda continua do seu profesorado para que poida ter, ao rematar o prazo da exención, un dominio axeitado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións que os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

No que atinxe á lingua vehicular da rapazada, hai un claro predominio do uso do castelán, exclusivo en moitas familias. Porén, a lingua galega non é estraña á maioría, pero o seu uso está restrinxido, en moitos casos de xeito exclusivo, ás aulas. O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou países, sexan falantes de castelán ou doutras linguas perciben a “inutilidade” ou “non necesidade” de incorporarse á nosa cultura a través da lingua - é necesario garantir a competencia no galego , especialmente a nivel oral, (L2) e tamén a extensión do uso vehicular da lingua nas actividades extraescolares e complementarias, a fin de loitar na práctica contra o prexuízo do galego como lingua de incultura o vencellada a unha determinada ideoloxía.

### 3. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

#### ***3.1. Actividades encamiñadas a coñecer o uso e dominio do galego polos membros da comunidade educativa.***

#### **Actividades encamiñadas a mellorar o uso do galego polos diferentes membros da comunidade educativa.**

##### Obxectivos:

- Eliminar medos dos diferentes membros da comunidade educativa que lles impidan utilizar o galego por un posible descoñecemento da lingua.
- Facer unha análise das necesidades existentes entre o colectivo do profesorado para desenvolver o seu traballo en galego.
- Traballar con medios audiovisuais que motiven o alumnado ao emprego do galego dunha maneira activa e lúdica: gravacións en video, fotorrelatos, ....
- Compilar e difundir recursos galeguizados de linguaxe administrativa galega, para que poidan contribuír a un mellor funcionamento das comunicacións da comunidade educativa, como modelos de solicitudes, instancias, avisos, convocatorias, reclamacións, ...

Temporalización: cada ano tentará mellorarse coa adquisición de material.

Participación: todo o profesorado, persoal non docente e alumnado.

Descrición: procurase adquirir todo o material necesario para poñelo á disposición dos diferentes departamentos, do persoal administrativo e do alumnado: dicionarios con terminoloxía específica, dicionarios bilingües, gramáticas, dicionarios de dúbidas, glosarios, tradutores informáticos e asesoramento constante na documentación oficial xerada por este centro educativo que requira unha precisa terminoloxía administrativa.

Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.



### ***3.2. Actividades que axuden a eliminar prexuízos e mellorar as actitudes lingüísticas cara ao galego dos membros da comunidade educativa.***

#### **3.2.1. Campañas de sensibilización.**

Obxectivo: sensibilizar a todos os membros da comunidade educativa no uso do galego (principalmente aos pais e nais á hora de falaren cos cativos; os profesores cando imparten aulas; os rapaces e rapazas), intentando eliminar todos os prexuízos e categorizacións existentes e favorecendo que se convirta na súa lingua de comunicación habitual.

Temporalización: son campañas que se realizan en diferentes épocas do curso.

Participación: dirixidas a todo o centro.

Descrición:

- A modo de exemplo, elaboración dun calendario de aula cun lema que anime ao uso do galego. Convocarase un concurso de ideas entre o alumnado para elaborar unha imaxe cun lema que anime ao uso do galego. Co gañador imprimiranse os calendarios, que serán distribuídos nas aulas, tanto para de diúrno como de vespertino, para que o respectivo alumnado poida anotar datas de exames, traballos e outras tarefas académicas.
- Campañas para restablecer a correcta toponimia do concello e tamén para promover o uso do galego en contextos ata agora pouco presenciais.
- Taboleiro do EDLG. No primeiro andar do edificio histórico, colocaranse noticias referentes ao galego, caricaturas de debuxantes galegos en relación co idioma, os rapaces fan *graffitis*, cartas ó director á modo de xornais onde opinen sobre temas diversos, convocatorias de concursos organizados tanto polo EDLG do centro como de diferentes asociacións, institucións, etc. Á parte disto, o alumnado pertencente ao EDLG acudirá ás aulas para informar dos diferentes concursos, lecturas de manifestos, visitas e roteiros, .... que se vaian realizar, con carteis para pendurar nas cortizas de cada curso.
- Campañas que teñan como obxectivo que as familias lles transmitan o galego aos fillos e que a lingua galega se use nas interaccións familiares.
- Traballos dos rapaces e rapazas realizados en diversos formatos: informáticos e dixitais: presentacións de diapositivas, gravacións en audio e vídeo, elaboración de poemarios e cartelóns, ....

- Visita de persoas que utilicen o galego na súa relación coa sociedade, fundamentalmente polo traballo que desenvolven.

### 3.2.2. O Correlingua. (\*De ser posible)

Obxectivo: sensibilizar os cativos e cativas no uso do galego, dunha maneira lúdica e en contacto con miles de rapaces doutros centros educativos.

Temporalización: a adiada polo comité organizador. Elaboración de manifestos e pancartas.

Participación: Ao tratarse dun centro cun elevado número de alumnado, tentarase levar todos os cursos, pero de maneira gradual (un por ano) ou seleccionando aquelas aulas que participasen máis activamente naquelas actividades organizadas polo EDLG.

## 3.3. *Actividades de fomento da escrita e da lectura en galego.*

### 3.3.1. Animación á lectura e ao coñecemento da literatura galega.

Obxectivo: debido á desigualdade coa que parte o noso idioma en relación ao castelán para chegar ao noso alumnado na lectura e na escrita (maior presenza de material con banda deseñada, de promoción nas librarías a non ser en datas concretas...) cómpre facer actividades para promover a lectura en galego. Trátase de promover plans de lectura seguindo técnicas de animación, aproveitando o auxe da literatura infantil e xuvenil en galego. A biblioteca do centro, a Aula Picasso ou o Salón de Actos serán habitualmente os espazos onde se leven a cabo: realización e proxección de vídeos promocionais da lectura, recitais poéticos e lecturas dramatizadas, períodos dedicados a unha temática determinada (medo, aventuras, .....)

Temporalización: todo o curso, con diferentes períodos para cada unha.

Participación: Hai actividades para todos os membros da comunidade escolar. Colaboran a Biblioteca do Centro e diversos departamentos didácticos.

Descrición:

- Semana da banda deseñada.
- Exposicións e/ou visita de escritores/ persoeiros relacionados coa lingua galega.

- Obradoiros de creación literaria, impartidos por escritores e escritoras.
- Semana das Letras Galegas, con traballos ao redor da autora homenaxeada no 2024, Luísa Villalta. Os distintos niveis educativos traballarán nas aulas as propostas de material enviadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais doutras suxestións presentadas polo profesorado para honrar a figura deste vindeiro ano. Tamén no vestíbulo do centro colocaranse as láminas enviadas, que glosan a figura da esgrevia intelectual coruñesa, antiga alumna deste centro.

### **3.3.2. Traballos realizados polo alumnado e tamén ofertar concursos para todos os membros da comunidade educativa en xeral.**

Obxectivo: favorecer a escrita e a lectura en galego; reflectir todas as actividades en que participan e, tamén aquelas que axudan á normalización da lingua.

Temporalización: a periodicidade trimestral, que determinará os concursos que se vain realizar.

Participación: todo o alumnado do centro. De ser o caso, tamén se ofertarán concursos para os demais membros da comunidade educativa.

Descrición: elaboración de cartas ao director, reseñas, bandas deseñadas, concursos literarios, revitalización do xénero epistolar, entrevistas, homenaxes a persoeiros que pasaron polo Instituto P. Eusebio da Guarda, realización de manifestos en datas senlleiras (25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero), ...

## ***3.4. Actividades de dinamización e uso oral do galego.***

### **3.4.1. Actividade teatral**

Sen dúbida, as dramatizacións de historias fomentan a creatividade, aumentan a empatía, desenvolven as habilidades psicomotrices e melloran a axilidade mental, entre outras vantaxes. Á parte disto, o alumnado contará cunha importante axuda á hora de reflexionar sobre a forma de comunicación, mellorará no desenvolvemento persoal e na orde e compromiso á hora de preparar os textos.

Obxectivo: dinamizar o uso oral do galego a través de diversas actividades lúdicas, moi enraizadas na nosa tradición cultural.

Temporalización: durante o curso, especialmente no 3º trimestre.

Participación: todo o alumnado do centro.

Descrición: Representación de textos adaptados de autores e autoras consagrados, *sit coms* (comedias de situación), pequenos monólogos, contacontos, dramatizacións da literatura oral de carácter tradicional, ...

**3.5. Actividades relacionadas coa potenciación da presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte, ...**

Obxectivo: facer presente a existencia de manifestacións da nosa cultura.

Temporalización: segundo a actividade.

Participación: alumnado do centro.

Descrición:

- O calendario de outono: o *Magosto*, os calacús, tempos do *Samáin*, ...
- Conmemoración hogano do Iº Centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos (12 de outubro de 1923).
- O Nadal:
  - Concurso lingüístico-artístico para elaborar a tarxeta oficial de Nadal deste centro.
- O Entroido.
- A Candeloria ou Festa das Candeas. A “*Festa do Amor de noso*”:

\* Convocatoria de concursos de diversa tipoloxía relacionados coa festividade da Candeloria.

- Os Maios.
- San Xoán.

### 3.6. *Conmemoracións*

O EDLG súmase a celebracións propostas por organismos internacionais como a UNESCO ou o Consello de Europa no seu afán de dalas a coñecer na nosa comunidade e, deste xeito, avanzarmos cara a unha sociedade consciente da vantaxe e da responsabilidade que implica termos unha lingua propia que nos singulariza e que nos arrequece a nós mesmos e a toda a humanidade. Como datas nomeadas cómpre sinalar:

\* **Día Europeo das Linguas** (26 de setembro),

Co fin de destacar a importancia da aprendizaxe de linguas e diversificar a variedade de idiomas que se aprenden co obxectivo de incrementar o plurilingüismo e a comunicación intercultural.

\* **Mes da ciencia en galego** (novembro)

O obxectivo desta conmemoración é o de mostrar que a lingua galega é útil e tan válida como calquera outra para facer pescuda, ensino e divulgación científica.

\* **Día Internacional da Lingua materna** (21 de febreiro)

A Xunta de Galicia e a Rede de Dinamización Lingüística veñen sumándose nos últimos anos a esta celebración, contextualizándoa na nosa comunidade e orientándoa á promoción e transmisión da lingua galega.

\* **Día de Rosalía** (23 de febreiro). Coincidindo con esta efeméride, haberá lectura de textos e ofrenda floral para honrar a data de nacemento da escritora galega máis universal. Este ano 2022 foi o primeiro que o Día de Rosalía de Castro se celebra un 23 de febreiro e non un 24. O cambio prodúcese despois de que a filóloga Sagrario Abelleira revelase unha documentación que acredita que a autora de *Follas Novas e Cantares Gallegos* naceu un 23 de febreiro.

### 3.7. *Exposicións*

Os corredores do instituto do edificio histórico serán o lugar elixido para amosar tanto todos os traballos realizados polo alumnado, así como as diferentes celebracións marcadas polas festividades anuais propostas nas actividades (Samaín, Nadal, Festa da Candeloria, Os Maios, Día das Letras Galegas, ...). Este emprazamento constitúe un magnífico escaparate para mostrar o compromiso e respecto coa lingua e a cultura de noso.

### 3.8. *Visitas e saídas culturais*

Os diferentes departamentos didácticos deste centro móstranse proclives co compromiso coa lingua . Neste sentido, o EDLG traballa en diferentes accións multidisciplinares, sendo as saídas e visitas culturais unha das máis salientables. Así, entre as que están programadas, á parte das que poidan xurdir, están:

- Roteiro modernista. A finais do mes de setembro e como acto de confraternidade entre o profesorado definitivo e o novo incorporado este curso, o Departamento de Xeografía e Historia organiza un roteiro polas edificacións máis senlleiras deste período artístico, cunha pormenorizada explicación por parte do profesor deste departamento, Abel Fernández Maroño. O EDLG colabora coa elaboración dun tríptico explicativo destas obras civís, de singular beleza.

Cómpre salientar a estreita colaboración do EDLG co Departamento de Lingua galega e literatura. Neste punto, están adiadas por este as seguintes saídas:

- A saída no segundo trimestre á Costa da Morte, co alumnado de 1º ESO, sendo o escenario da obra literaria *Volverás golfiño*, de Andrea Maceiras.
- Roteiro rosaliano, co fin de achegarse o alumnado de 1º Bach ao espazo desta inigualable autora da nosa literatura. Repetiríase a experiencia do ano pasado, que foi moi satisfactoria, onde se visitaría en Padrón, ademais da Casa Museo de Rosalía de Castro, a Fundación Camilo José Cela. Tamén incluíría a excursión ata Santiago de Compostela, indo aoa Museo do Pobo Galego e Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval. Esta actividade préstase ademais á colaboración con outros departamentos, como o de Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura ou Relixión, co fin de que, á parte do aspecto literario e lingüístico, tamén se acheguen datos de moito interese respecto do coñecemento dos restos arqueolóxicos, arte e historia, ...
- Visita á Real Academia Galega. Percorrido pola Cidade Vella.
- Como novidade, este ano 2024, ao adicárselle o Día da Letras Galegas á escritora coruñesa Luísa Villalta, o EDLG organizará un roteiro baixo o título *"Habitando espazos: Luisa Villalta, emérita alumna do Instituto Eusebio da Guarda"*, grazas á predisposición da directora e profesora deste centro, M<sup>a</sup> Isabel Ruso de Lago, quen ademais é unha grande experta na historia do noso instituto. O dito roteiro estará aberto non só ao persoal do centro, senón tamén a institucións e particulares que desexen coñecer a historiade este emblemático edificio, onde Villalta estudou.

### 3.9. *Homenaxes*

Foi desexo deste EDLG, constituído o curso pasado, que de xeito anual tivese un oco de grande importancia esta actividade, cuxo obxectivo é recoñecer a figura de persoeiros destacados vivos ou que xa non están entre nós, que pisaron as aulas deste instituto e deixaron unha fonda pegada. Por unha extraordinaria e marabillosa casualidade, este curso pasado a coordinadora deste EDLG organizou un emotivo e memorable acto de homenaxe o 8 de maio de 2023, adicado á escritora Luísa Villalta, quen foi unha destacada antiga alumna, quen se graduou no que agora sería 2º Bach, no curso 1974- 1974. No dito conxugáronse as dúas facetas máis sobranceiras da autora: poesía e música. Pola marabillosa casualidade nomeada anteriormente, a elección de Luísa Villalta como protagonista do próximo 17 de maio consumouse nun pleno ordinario da RAG celebrado o pasado 29 de xuño no Pazo Municipal de María Pita.

Pola dimensión de tal efeméride, todas as homenaxes desta sección estarán focalizadas nesta “autora plena, que convoca pensamento construtivo e contraditorio, absolutamente en presente e necesario”, en palabras da RAG.

Alén disto, a coordinadora do EDLG, en reunión do Claustro de Profesores de inicio deste curso, celebrado o 8 de setembro de 2023, no punto de “rogos e preguntas”, solicitou ao Equipo directivo deste instituto a instalación dunha placa de homenaxe á dita autora, semellante a outras que están no vestíbulo do centro, dado o papel protagónico de tan senlleira escritora na historia do noso centro.

(Á parte da realización deste plano de actividades, o EDLG está aberto a outras que aparezan, así como calquera suxestión que xurda por parte dos membros desta comunidade educativa, co fin de que o galego se convirta en idioma de referencia e aprendizaxe. Ademais, o EDLG agradece de antemán a colaboración dos distintos departamentos didácticos, así como dos diferentes proxectos levados a cabo no centro).

\*CANLES DE COMUNICACIÓN EMPREGADAS POLO EDLG

Co fin de darlle visibilidade a todos os traballos, saídas culturais, efemérides e proxectos levados a cabo, entre outras accións, este EDLG vai empregar a páxina web do instituto (sección do Departamento do EDLG) e para a recepción de diferentes traballos entregados polos distintos membros da comunidade educativa facilitarase un enderezo electrónico para este fin.

A Coruña, 19 de setembro de 2023

Vº e Prace.

A Directora

A Coordinadora

Asdo.: M<sup>a</sup> Isabel Ruso de Lago.

Asdo.: M<sup>a</sup> Teresa Pastor Novo.



## **MEMBROS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

### **(IES P. EUSEBIO DA GUARDA)**

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO: A día de hoxe, 11 de setembro de 2023, constitúen o Equipo de Dinamización da Lingua Galega os membros da Comunidade Educativa relacionados a seguir:

#### **Profesorado:**

Antonio Fondo Rodríguez (Dpto de Relixión)

Beatriz González-Moro Galán (Dpto de Lingua galega e literatura)

Minia Prego Cabeza (Dpto de Física e Química)

M<sup>a</sup> Luisa Prado Rodríguez (Dpto de Lingua castelá e literatura)

Beatriz Sixto Rodríguez (Dpto de Matemáticas)

Benigna Vidal Tomé. (Dpto de Lingua galega e literatura)

#### **Alumnado:**

Vera Blanco Pérez (º ESO)

Ariana Crego Romero (2º ESO)

Flavia Cámara Neira (3º ESO)

Salomé Sánchez Losada (2º BACH)

Irene Pérez Lis (2º BACH)

Marta Rodríguez González (2º BACH)

Patricia Neira Prada (2º BACH)

Andrea Rodríguez Massa (2º BACH)

#### **Persoal non docente**

D<sup>a</sup>.Belén García López

D<sup>a</sup>.Vanessa Iglesias Ferreiro

#### **Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega:**

M<sup>a</sup> Teresa Pastor Novo.